

ASISTIMOS a unha crise na que os Bancos chantaxean aos Gobernos para apropiarse de mais capital público, do diñeiro de todos; e logo quererán descontalo reducindo pensións, desemprego, sanidade, etc. Non lles chegan para saciarse os Miles de Millóns de Euros que ata agora se inxectou no sistema financeiro para darlles liquidez. Os bancos continúan estrangulando ás pequenas empresas e a propia clase traballadora no seu consumo, negando cretos que ata agora concedían con toda facilidade.

Na defensa do emprego na AUTOMOCIÓN



Necesitamos cambiar un modelo económico que se basea en baixos salarios e un consumo compulsivo financiado polos bancos. Estamos obrigados a vivir do creto en todo aquilo que mercamos, e este resultado favorécelles sempre a eles. Acaban cobrándonos moi-tísimo mais do que nos prestan, e nós estamos sempre hipotecados. A isto chámase usura, é legal e os xestores desta práctica cobran salarios astronómicos.

O capital pretende aproveitarse desta crise para retirarnos mais dereitos. No sector da automoción, non parece importar que nestes últimos anos os beneficios das empresas acadaran os resultados mais impresionantes da historia. Pero non lles chega. Queren nesta situación sacar mais vantaxe sobre os traballadores.

Neste momento de descenso nas vendas pola caída do consumo que antes falábamos, o lóxico sería un compromiso destas empresas do Automóbil co mantemento do emprego. Os beneficios anteriores dan para moitos anos e na actualidade xa se perderon mais de 600 postos de traballo eventuais na Comarca de Vigo. Pero a verdadeira estratexia de acoso aos nosos dereitos pasa pola ameaza colectiva dos ERE (Expediente de Regulación de Emprego) se non aceptamos a aplicación de Bolsas de Horas e flexibilidade.

A Patronal do Automóbil quere impor a desregulación da xornada de xeito definitivo. Non queren

homoxeneizala reducindo o cómputo anual coa do cliente. A medida estrutural apropiada neste momento sería reducir a produción diaria para non ter que parar ningún día. Pero as empresas rentabilizan esta medida de todas maneiras. Parán xornadas enteiras afectadas por un ERE, nas que o Estado paga os salarios dos traballadores, e posteriormente recuperan estes paros en anos sucesivos pola Bolsa de Horas. A xogada é maestra, conseguen flexibilidade e aforran salarios.

Nestes días a Xunta aprobou un creto de 500 Millóns de Euros para o Sector. Esta financiación debe garantir que non se aplicarán ERES e non se modificarán as xornadas de traballo. Parecería unha obscenidade que dándolles o diñeiro de todos nós para o seu uso privado, continúen tomando medidas contra os nosos dereitos.

Mobilízate coa CIG contra os expedientes de regulación e a flexibilidade. Pola defensa do emprego no Sector da Automoción

Mobilízate!!!

MANIFESTACIÓN O DÍA 3 ÁS 20 HORAS EN VIA NORTE

